

BOLSA *de mobilidade*

Para estudantes de grao e mestrado oficial para participar en proxectos e accións de cooperación ao desenvolvemento 2022/2023



Imaxe: Cup of couple, en Pexels

Inscripcións:
<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/voluntariado/public/proyecto/show/126>



BOLSA *de mobilidade*

Para estudantes de grao e mestrado oficial para participar en proxectos e accións de cooperación ao desenvolvemento 2022/2023



Imaxe: Cup of coupai, en Pixvalls

Inscripcións:
<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/voluntariado/public/proyecto/show/126>



Universidade de Vigo

Vicerreitoría de Benestar,
Equidade e Diversidade

Bolsa de mobilidade para a realización de traballo de fin de grao/máster en países en materia de cooperación universitaria ao desenvolvemento.

Dende a Universidade de Vigo convócanse bolsas de mobilidade para estudantes de grao e mestrado oficial para participar en proxectos e accións de cooperación ao desenvolvemento no curso 2022/23.

Obxectivos

Sensibilización do estudantado a través da súa participación nos Proxectos de Cooperación internacional para o Desenvolvemento coa fin de que integren elementos teóricos e prácticos adquiridos na súa formación académica e contribúan como universitarios e cidadáns comprometidos cos retos globais contidos na Axenda 2030.

Duración e datas

As estadias terán unha duración mínima de 30 días e máxima de 90 e poderán desenvolverse entre o 1 de maio e o 31 de outubro de 2023.30 horas de dedicación ao voluntariado.

Lugar de realización

As estadias deberán realizarse nalgún dos países prioritarios para a Cooperación Galega e Española: Países de Asociación Menos Avanzados (Etiopía, Malí, Mauritania, Mozambique, Níxer, Senegal e Haití); Países de Asociación de Renda Media (Bolivia, Colombia, Cuba, Ecuador, O Salvador, Filipinas, Guatemala, Honduras, Marrocos, Nicaragua, Palestina, Paraguai, Perú e República Dominicana) e tamén países como Cabo Verde e Guinea Bissau.

Requisitos do alumnado

- Estar matriculado no curso 2022/2023 nunha titulación
- de Grao ou Mestrado oficial da Universidade de Vigo.
- Ter superado o 50% dos créditos da titulación de Grao.
- Comprometerse a realizar prácticas, un traballo académico con recoñecemento curricular ou defender o Traballo Fin de Estudos, no curso 2022/2023 ou 2023/24 en temáticas relacionadas con:
 - Axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible.
 - Cooperación ao desenvolvemento: cooperación financeira; cooperación técnica; axuda alimentaria e axuda humanitaria; principios e fundamentos xurídicos; política e xestión; cooperación e muller; dereitos humanos; ONG e outros actores da cooperación ONG; cooperación empresarial; cooperación universitaria.
- Contar coa aceptación dun axente de cooperación responsable do proxecto de cooperación no exterior (ONG, Asociación, Fundación, Universidade)
- Contar co visto e prace dun/dunha profesor/a da UVigo, no que se reflecta o interese formativo da estadia, en que constarán as indicacións do recoñecemento curricular que poidan supoñer para o/a estudante (prácticas, materias, ou traballo fin de estudos).
- Para aqueles países cuxo idioma oficial non sexa nin español nin portugués cómpre acreditar, segundo o Marco Común Europeo de Referencia, o nivel B1 de inglés/ francés.
- Non poderán ter a condición de beneficiarios/as persoas que residan habitualmente no país no que se solicita a estadia.

Proxectos nos que se pode realizar a estadia

A estadia desenvolverase en proxectos de cooperación liderados pola UVIGO ou outros proxectos desenvolvidos por entidades de cooperación, sen ánimo de lucro que se atopen inscritos no rexistro de axentes da Xunta de Galicia, Axentes inscritos | Cooperación Galega (xunta.gal)) noutros rexistros análogos das Comunidades Autónomas ou da AECID Portal Web AECID Buscador de ONGD inscritas no Rexistro.

Dotación e pagamento

- 500 €/por cada 30 días por manutención e aloxamento.
- Entre 275 € e 1500 € por gastos de viaxe de ida e volta dende o lugar de estudo ata a lugar de realización da actividade, en función das distancias, calculada conforme ao indicado no punto 6 da convocatoria.
- Seguro.

Buscar un proxecto de acollida

Dende a Área de Equidade e Diversidade podemos asesorar no proceso de elixir un proxecto de cooperación e acadar a aceptación por parte dun axente de cooperación.

Escríbenos a direc.equidade@uvigo.es.

Financia

Esta actividade está financiada polo Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o proxecto de Consolidación do I Plan Estratégico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento 2020-2030 e consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.